




Expositivos

Permiten explicar e comunicar a outras persoas datos, feitos ou coñecementos dun tema sen incluír unha opinión.

- **Introdución:** nesta parte inicial presentase o tema de forma breve. Dáse a coñecer o propósito do emisor e cal van ser os receptores.
- **Desenvolvemento:** é onde se explica ou describe o tema e as súas principais ideas.
- **Conclusión:** finaliza cun pequeno resumo do exposto para poder pechar a exposición.

Textos orais

Están pensados para usarse nunha situación dun contexto real ante unha persoa ou persoas.



Instrutivos

Aqueles textos que dan a información concreta e específica que precisas para facer algo na túa vida cotiá

- **Introdución:** aparece o título, un pequeno índice e sempre van indicar a finalidade que se pretende conseguir seguindo as instrucións.
- **Procedemento:** virán indicados todos os pasos que se teñen que levar a cabo para conseguir a meta proposta na introdución. Tamén indicará que materiais ou ferramentas se precisan.
- **Outros campos:** consellos, trucos, precaucións, información de interese entre outros dependendo do tipo de texto instrutivo.



O debate

Permite, empregando a exposición ou a argumentación, defender a opinión sobre un tema determinado e lograr convencer a outras persoas.

- **Introdución ou apertura:** a persoa moderadora presenta ás participantes do debate, expón o tema e da paso á primeira intervención.
- **Exposición:** ás participantes expoñerán os seus puntos de vista. Mediante argumentos defenderán as súas ideas. A persoa moderadora regula o debate.
- **Preguntas:** ao rematar as exposicións, ábrese unha quenda de preguntas. As persoas que se atopan no público ou a moderadora fan cuestións acerca das ideas e puntos de vista defendidos.
- **Conclusión:** as persoas que participaron dan unha mensaxe final facendo un breve resumo do exposto.